

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de outubro de dous mil quince, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don Miguel Bautista Carballo.

Actúa de interventor don José Mosquera Casero. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: <http://videoacta.depourense.es>

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2015.**

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 25 de setembro de 2015, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

O portavoz do Grupo do BNG, don Ramiro Rodríguez Suárez, pide a palabra para formular unha cuestión de orde, solicitando que unha moción urxente presentada polo Grupo de Democracia Ourensana sexa tratada ao inicio da sesión.

O Sr. Presidente di que pola súa parte non hai problema en acceder ao solicitado, pero que previamente procede tratar e votar a aprobación da acta.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

Non se formula ningunha obxección con respecto ao borrador da acta distribuído coa convocatoria, declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

**1.B) MOCIÓN DO GRUPO DE DEMOCRACIA OURENSANA SOLICITANDO A REPROBACIÓN DA CONDUCTA DO PRESIDENTE DON JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO E A SÚA DIMISIÓN COMO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN.**

A continuación, a Presidencia anuncia o tratamento da moción, conforme co solicitado polo Grupo do BNG, sinalando que en primeiro lugar procede xustificar e votar a declaración da urxencia da moción.

A continuación, prodúcense as intervencións que se recollen no punto primeiro B) da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro B](#)

Sometida a votación a declaración de urxencia da moción presentada por Democracia Ourensana, esta resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as presentes na sesión do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14), polo que non se debate a moción presentada.

Seguidamente, os deputados dos grupos da oposición (Grupo Socialista, Democracia Ourensana e BNG) abandonan o salón de plenos en sinal de protesta polo rexeitamento da urxencia da moción de Democracia Ourensana. Previamente ao abandono do salón de sesións, os portavoces dos distintos grupos fan entrega ao secretario dun documento no que se recolle o sentido do seu voto respecto dos diferentes puntos da orde do día.

De conformidade co establecido no artigo 100 do ROF, para os efectos da votación correspondente considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentasen do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. Por tal motivo, na presente acta, nos diferentes puntos da orde do día, non se recolle a emisión de ningún voto por parte dos deputados ausentes, ao entender que esa ausencia determina a súa abstención. En todo caso, faise constar neste punto o sentido do voto anunciado (aínda que o voto non se chegase a emitir formalmente)

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

na documentación entregada ao secretario da Corporación, nos termos seguintes, sendo F (a favor) A (abstención) e C (en contra):

<b>PUNTO DA ORDE DO DÍA</b>	<b>PSdeG.- PSOE</b>	<b>D.O.</b>	<b>BNG</b>
2.- Expediente de modificación das bases de execución do orzamento para o ano 2015.	F	A	A
3.- Modificación das tarifas do servizo de aparcamento en rotación horaria da concesión do aparcadoiro anexo ao Hospital Santa María Nai (CHUOU).	C	A	C
4.- Plan especial de cooperación ás obras e servizos do Concello de Ourense (2015-2016).	C	A	C
5.- Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2015, relativa á obra municipal n.º 46/POS/2015 do Concello de Lobios.	F	A	A
6.- Moción do Grupo Socialista para instar ao Goberno a inclusión dos municipios de menos de 20.0000 habitantes nos plans FEDER para o período 2014-2020.	F	F	F
7.- Moción do BNG relativa á redución do número de grupos de desenvolvemento rural en Ourense prevista nas bases reguladoras do novo programa Leader 2014-2020.	F	F	F
8.- Moción de Democracia Ourenzana relativa á instalación dunha pista de atletismo en Expourense.	F	F	A (piden informe independente)
9.- Moción do Grupo Socialista sobre os incendios forestais.	F	F	F
10.- Adhesión á marcha estatal conta as violencias machistas.	F	A	A
11.- Mocións de urxencia:			
- Moción do BNG relativa a situación de emerxencia que se está a vivir nos campamentos saharauís.	F	F	F
- Moción DO solicitando a reprobación da conduta do presidente D. José Manuel Baltar Blanco e a súa dimisión como presidente da Deputación.	F	F	F
- Moción da Presidencia de modif. Plan provincial relativa á obra 92/POS/2015 de Viana do Bolo	F	F	A

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

**2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2015**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Trasmiras para subministro de elementos para parque infantil. En base ao escrito remitido polo Concello de Trasmiras en data 20/10/2015, sería conveniente o cambio de finalidade de dita subvención debido á existencia de outra obra de maior prioridade:

- 450.12/762.01. A Concellos. Cooperación provincial:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
Concello de Trasmiras	Sinalización e pintura de viarios municipais	50.000 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**3º.- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO DE APARCAMENTO EN ROTACIÓN HORARIA DA CONCESIÓN DO APARCADOIRO ANEXO AO HOSPITAL SANTA MARÍA NAI (CHUOU).-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar as tarifas do servizo de aparcamento en rotación horaria da concesión administrativa para a construción e explotación dun aparcadoiro nos terreos anexos ao Hospital Santa María Nai (CHUOU), de acordo co seguinte cadro e a proposta do concesionario (NRE 10847):

<b>TARIFA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
Primeiros 5 minutos	0,05 €/min.	<i>*Tarifa xeral</i>
Resto do tempo	0,025 €/min.	<i>*Tarifa xeral</i>
Bono 4 días	30,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 7 días	42,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 15 días	59,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 1 mes	90,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono empregados CHUOU (200 horas)	40,50 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira, con caducidade 1 ano.</i>
Bono 30 horas	29,00 €	<i>*Ata agotar o saldo, caducidade de 1 mes.</i>
Bono residentes	39,00 €	<i>*De luns a venres de 19.00 a 09.00 horas e sábados, domingos e festivos as 24 horas.</i>
Ticket disuasorio	7,50 €	<i>*Paga por adiantado, unha única saída e caducidade 24 horas.</i>
		<i>*Todas as tarifas, excepto as xerais, por un prazo de 1 ano.</i>

**Segundo:** As presentes tarifas serán eficaces dende a data do acordo de aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para xeral coñecemento.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

#### **4º.- PLAN ESPECIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE OURENSE (2015-2016).-**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Cooperación ás obras e servizos do Concello de Ourense (2015-2016), co seguinte contido:

##### **1º) Obxecto.**

Constitúe o obxecto do presente Plan Especial de Cooperación ás Obras e Servizos do concello de Ourense (2015-2016) articular a cooperación e asistencia económica deste Deputación ás obras, todas elas de competencia municipal, promovidas polo concello que de seguido se detallan:

<b>OBRA</b>	<b>ORZAMENTO</b>
Rehabilitación de pasarela peonil sobre o río Barbaña	100.499,56 €
Acondicionamento e renovación do firme na Praza Eiroas e rúa do Pazo	126.681,85 €
Rede de abastecemento A Besada-Santa Mariña	128.063,12 €
Humanización na rúa Concejo	766.124,39 €
Humanización na Canella do Barbaña-Pozo do Inferno	234.700,19 €
Instalación eléctrica de BT para videovixiancia no Polig empresarial de Seixalbo	105.018,50 €
Rehabilitación de firme e adecuación de accesibilidade da rúa do Mercado	101.742,56 €

##### **2º) Cadro de financiamento.**

1. O Plan cofinanciarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense. A aportación da Deputación Provincial para o total do Plan será de 100.000,00 € (14.285,71 € para cada unha das indicadas), imputándose á aplicación orzamentaria 166.11-65001 do Orzamento Xeral.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

2. No caso de remanentes como consecuencia de posibles baixas na adxudicación do/s contrato/s respecto do/s tipo/s de licitación, os referidos importes detraeranse da achega municipal ao presente Plan. Igualmente serán por conta do Concello as variacións do/s prezo/s do/s contrato/s como consecuencia de eventuais modificacións nos mesmos.

**3º) Tramitación do Plan.**

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez (10) días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan de tramitarse a instancias do concello de Ourense logo da aprobación definitiva do plan (tales coma modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial.

**4º) Execución do Plan.**

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, corresponderalle ao Concello de Ourense mediante a contratación de ditas obras a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial.

As obras incluídas no plan deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2016; non obstante o anterior e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo dun ano a contar desde a data da súa adxudicación.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

A contratación dos servizos ou a designación dos técnicos que desempeñen as tarefas de redacción de proxectos, dirección facultativa ou a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase polo concello.

**5º) Execución e xustificación das obras.**

O concello será o responsable da execución das obras, o que inclúe a súa contratación, dirección, execución e seguimento. A Deputación de Ourense unicamente asume a obriga de cofinanciar as obras solicitadas.

Para a xustificación da execución das mesmas o concello deberá achegar á Deputación a seguinte documentación, en orixinal ou copia cotexada:

- Proxecto Técnico
- Acta de recepción das obras
- Certificacións de obras e facturas polo importe total de cada un dos proxectos.
- Fotografías do estado final das obras e do cartel das obras onde se indique o cofinanciamento por esta Deputación.

O 100% da achega provincial librarase contra a recepción da documentación sinalada no apartado anterior e previo informe favorable do Servizo de investimentos, subvencións e patrimonio.

**6º) Réxime xurídico.**

O presente Plan provincial de cooperación apróbase ao abeiro do sinalado no *artigo 10 da vixente Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense*, regulándose no que non estea previsto, pola antedita Ordenanza e a lexislación aplicable ás subvencións das Entidades Locais.

2º.- Someter o plan a información pública por prazo de dez (10) días hábiles mediante anuncio no BOP. De formularse alegacións, serán resoltas polo Pleno. Se non se formulan alegacións o Plan considerarase definitivamente aprobado, publicándose integramente no BOP.

**5º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2015, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 46/POS/2015 DO CONCELLO DE LOBIOS**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

O Sr. presidente anuncia que no apartado de mocións de urxencia hai unha proposta da Presidencia sobre modificación do Plan Provincial referida ao Concello de Viana do Bolo.

A continuación o Sr. secretario di que a modificación referida a Viana do Bolo non figura na orde do día e que se tratará en asuntos de urxencia e dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, referido ao Concello de Lobios.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2015 no relativo ó concello de Lobios, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 46/POS/2015 denominada “Reparación de levadas e construción de muro e beirarrúas no Concello de Lobios”- a obra denominada “Mellora no depósito de abastecemento de Os Baños (Riocaldo), construción de local anexo para almacén de equipamento deportivo, construción de muro e beirarrúas no Concello de Lobios” cun orzamento total de execución de 50.000,00 €.

**6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INSTAR AO GOBERNO PARA A INCLUSIÓN DOS MUNICIPIOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NOS PLANS FEDER PARA O PERÍODO 2014-2020**

O Sr. secretario dá conta de que a moción que se transcribe a continuación foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

***“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*Recentemente tivemos coñecemento de que as Deputacións Provinciais e os núcleos urbanos menores de 20.000 habitantes estarán excluídos nas estratexias de desenvolvemento sustentable dos Plans Feder 2014-2020. Trátase de plans que ata agora tiñan carácter local e urbano, e que agora serán só para territorios urbanos.*

*O máis grave é que, segundo indicaron responsables da Comisión Europea, foi na propia proposta do Goberno Español para este programa, onde quedou restrinxido exclusivamente aos núcleos urbanos de máis de 20.000 habitantes, deixando a un carón ás deputacións provinciais e ás pequenas e medianas localidades, de vital importancia para a organización territorial do noso país.*

*Esta postura do goberno español supón descoñecer a realidade social e económica de España en xeral e de Galicia e Ourense en particular, tentando esconder por intereses puramente electorais a situación real dos distintos territorios, e lastrando o desenvolvemento*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

*socioeconómico de moitas zonas do noso país.*

*O futuro das zonas rurais pasa ineludiblemente pola súa cohesión territorial e evitar o seu despoboamento, cuestión nomeadamente importante no caso da provincia de Ourense; polo que todos debemos facer canto estea nas nosas mans para facilitarlles o acceso aos instrumentos de apoio existentes e non meterlles paus nas rodas, como está a facer agora mesmo o Goberno Español coa súa proposta.*

*Basta sinalar que excluír dunha programación aos municipios de menos de 20.000 habitantes, significa excluír a unha porcentaxe importante da poboación. Iso amosa que o Goberno do PP nunca prioriza ás zonas rurais, esquecendo a unha parte moi importante da nosa poboación, precisamente a máis necesitada destes recursos.*

*Por todo iso debemos loitar a través dos distintos organismos, como a Deputación Provincial, a FEGAMP e a FEMP para acadar que os municipios excluídos polo Goberno poidan seguir participando nos novos programas.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

- *Instar ao Goberno Central para que inclúa ás Deputacións e núcleos urbanos menores de 20.000 habitantes como beneficiarios destes fondos europeos no período 2014-2020.*
- *Solicitar á Comunidade Europea a presenza das Deputacións e dos municipios rurais en programas de Desenvolvemento Urbano Sustentable, sen límite de poboación, creando unidades funcionais susceptibles de ser recoñecidas a efectos de financiamento.*
- *Instar ao Estado, á FEMP e á FEGAMP dende esta Deputación provincial de Ourense, para que tomen as medidas precisas para lograr o recoñecemento das zonas rurais no contexto do Desenvolvemento Urbano Sustentable cofinanciado polos fondos FEDER para o período 2014-2020.*
- *Dar conta destes acordos ao Goberno Central, á FEMP e á FEGAMP”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Goberno Central para que inclúa ás Deputacións e núcleos urbanos menores de 20.000 habitantes como beneficiarios destes fondos europeos no período 2014-2020.

2º.- Solicitalle á Comunidade Europea a presenza das deputacións e dos municipios rurais en programas de desenvolvemento urbano sustentable, sen límite de poboación, creando unidades funcionais susceptibles de ser recoñecidas a efectos de financiamento.

3º.- Instarlles ao Estado, á FEMP e á FEGAMP dende esta Deputación Provincial de Ourense, para que tomen as medidas precisas para lograr o recoñecemento das zonas rurais no contexto

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

do desenvolvemento urbano sustentable cofinanciado polos fondos FEDER para o período 2014-2020.

4º.- Dar conta destes acordos ao Goberno Central, á FEMP e á FEGAMP.

**7º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REDUCIÓN DO NÚMERO DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL EN OURENSE PREVISTA NAS BASES REGULADORAS DO NOVO PROGRAMA LEADER 2014-2020.-**

O Sr. secretario dá conta de que a moción que se transcribe a continuación foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

***“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*No programa Leader 2007-2013 en Galiza existían 31 Grupos de desenvolvemento rural constituídos e en funcionamento, atendendo ás características socioeconómicas do territorio e á necesidade de favorecer a participación social en ditos grupos. Sen que se teña feita, a xuízo do Bloque Nacionalista Galego ningunha avaliación do seu funcionamento e do grao de cumprimento dos obxectivos fixados e dos proxectos impulsados desde cada ámbito territorial, e dunha forma absolutamente arbitraria, nas bases reguladoras do novo programa Leader 2014-2020 prevese unha drástica redución do número de grupos.*

*A previsión é que existan 21 grupos en Galiza que nalgúns casos abranguen ámbitos territoriais inmensos e disparatados sen ningún tipo de criterio nin coherencia comarcal, social nin económica. Ademais consideramos que de dubidosa utilidade para o cumprimento dos fins do programa e da súa metodoloxía de funcionamento, baseada na definición de obxectivos e proxectos desde a base social do territorio o cal precisa de favorecer a participación dos axentes involucrados en cada ámbito territorial.*

*Isto resulta especialmente problemático en zonas de menos dinamismo social, económico e demográfico como son especialmente as comarcas do interior de Galiza.*

*No que atinxe á realidade Ourenzá, as taxas de envellecemento, de natalidade, densidade de poboación, dispersión da poboación, fan prever unha realidade desoladora de non mediar medidas contundentes. As previsións a 10 anos son dunha perda de máis de 30.000 habitantes (o 10% da provincia) tendo en conta que no ano 2014 a poboación era de 318.235 habitantes. Estes poucos datos demográficos deberan marcar claramente cara a onde deberamos investir os esforzos en desenvolvemento rural, incrementando o apoio nas zonas onde o declive demográfico é o gran repto.*

*As políticas de desenvolvemento rural deberan estar pensadas e deseñadas con estes datos na man, e con eles incrementar os recursos técnicos e económicos para que as nefastas previsións non se cumpran.*

*Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que reducir o número de grupos, afastar a xestión da poboación, facer grupos con maiores realidades non incide precisamente nese camiño. Pola contra cremos que vai a dificultar o traballo, e previsiblemente os resultados do programa LEADER non cumprirá os seus obxectivos, máis ben ao contrario, opera claramente no sentido de dificultar a participación e as grandes distancias e ámbitos*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

*territoriais dos grupos fará imposíbel o traballo centrado no territorio, a pe da realidade. Todas estas circunstancias están motivando un gran descontento entre os diferentes axentes territoriais que teñen que ser os auténticos protagonistas deste proceso. Tanto os diferentes concellos como múltiples axentes sociais teñen evidenciado o seu desacordo con esta medida e a súa preocupación pola incidencia negativa que vai ter en que o programa Leader cumpra cos seus obxectivos.*

*Por todo o anterior exposto, SOLICITAMOS do Pleno a adoción do seguinte ACORDO:*

*- O Pleno da deputación insta ao Goberno Galego a revisar a proposta de bases reguladoras do novo programa Leader 2014-2020 elaborado por AGADER e que concretamente na provincia de Ourense manteña o número de grupos actuais permitindo a elaboración dunha política de desenvolvemento rural baseada na realidade local, que permita unha verdadeira participación dos axentes sociais do territorio e que teña efectos positivos na dinamización económica, social e demográfica así como a optimización das dinámicas iniciadas no anterior período e dos medios materiais existentes nos diferentes grupos”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación insta ao goberno galego para revisar a proposta de bases reguladoras do novo programa Leader 2014-2020, elaborado por AGADER e que concretamente na provincia de Ourense manteña o número de grupos actuais permitindo a elaboración dunha política de desenvolvemento rural baseada na realidade local, que permita unha verdadeira participación dos axentes sociais do territorio e que teña efectos positivos na dinamización económica, social e demográfica así como a optimización das dinámicas iniciadas no anterior período e dos medios materiais existentes nos diferentes grupos.

### **8º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE ATLETISMO EN EXPOURENSE.-**

O Sr. secretario dá conta de que a moción que se transcribe a continuación foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

***“Exposición de motivos***

*En toda la mitad oeste de España y en todo el cuadrante noroeste de la península Ibérica, no existe ninguna pista cubierta de Atletismo con una cuerda reglamentaria de 200 metros. La Xunta de Galicia y la Federación Gallega de Atletismo (F.G.A.) buscan una ubicación para una, y Ourense podría ser el lugar perfecto. Se podrían organizar varios*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

*campeonatos nacionais e internacionais cada ano (infantiles, cadetes, juveniles, juniors, promesas, absolutos y de veteranos), con una enorme afluencia de visitantes foráneos.*

*La proposición de la F.G.A., es un sistema, donde la curva de la pista estaría peraltada, por medio de un sistema hidráulico que quedaría a ras de suelo para que el sistema sea compatible con la actividad ferial anual. D.O. siempre estuvo en contra del dinero público para el deporte espectáculo bajo subvenciones a clubes o eventos, sin embargo si alentamos el apoyo a los "contenedores", es decir, infraestructuras como en este caso.*

*La Xunta de Galicia en el proyecto de presupuestos para 2016 destina en el capítulo de "Inversiones Reales" una partida de 1.000.000 de Euros para este fin.: "Cubiertas pistas de atletismo Ourense". Para ello es imprescindible el acuerdo con los rectores de Expourense.*

*La dirección de Expourense (el Patronato, y el Comité Ejecutivo aún no se han pronunciado) se ha manifestado reacia a aceptar esta instalación, amparándose en un informe vago y no concluyente, que la F.G.A. contradice totalmente en cuanto a la viabilidad técnica que se cuestiona. (Adjuntamos informes técnicos de la F.G.A.).*

*No disponemos del informe reticente de Expourense (al que hemos tenido acceso en vivo pero no copia física) y cuyas justificaciones hemos comunicado a la F.G.A., que nos ha confirmado la vaguedad de éste y nos reiteran que la accesibilidad a todos los suministros de agua, luz y ADSL es del cien por cien (uno de los reparos en los que incide el informe que maneja la gerencia de Expourense).*

*Desde Democracia Ourensana creemos que sería un locura dejar pasar la oportunidad de que esta infraestructura deportiva gratuita se instale e en Ourense, y que sin apenas inversión atraería a miles de visitantes al año. Apenas más allá de acondicionar unas gradas móviles y proveer de vestuarios más amplios las instalaciones.*

*Es por ello que, al igual que haremos en el Concello de Ourense, presentamos para su debate y su posterior aprobación la siguiente **Propuesta**.*

*Que la Diputación a través de sus representantes en el patronato de Expourense apoyen que la pista indoor que la Federación Gallega de Atletismo y la Xunta de Galicia pretenden ubicar e instalar en Galicia sea situada en Expourense".*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que a Deputación, a través dos seus representantes no Padroado de Expourense, apoien que a pista indoor que a Federación Galega de Atletismo e a Xunta de Galicia pretenden situar e instalar en Galicia sexa situada en Expourense.

## **9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE OS INCENDIOS FORESTAIS**

Trala ratificación previa por unanimidade dos presentes na sesión da inclusión na orde do día desta moción, o Sr. secretario da conta da seguinte moción do Grupo Socialista:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

**“Exposición de motivos.**

*Ó longo de todo o ano e nomeadamente o pasado mes de agosto e principios do mes de setembro, sufrimos na nosa provincia numerosos incendios forestais que ademais de afectaren á seguridade da veciñanza provocaron graves danos no patrimonio natural e no equilibrio ecolóxico de Ourense. Foron, nomeadamente, graves os incendios que afectaron ós arredores da cidade de Ourense (Palmés, Cudeiro, Velle...) e, sobre todo, o gran incendio forestal de Cualedro que afectou a catro concellos da nosa provincia; que puxo en perigo a seguridade persoal, supuxo un numeroso e custoso despregue de medios persoais e materiais para a súa extinción, arrasou con máis de 3.000 hectáreas e miles de euros en perdas para as explotacións gandeiras da zona, entre outras moitas consecuencias.*

*Dende o Partido Socialista, levamos anos alertando dos efectos dunha política autonómica que loita contra os incendios forestais sen unha verdadeira planificación de medios e efectivos, baseando as súas actuacións na extinción e non na prevención, privatizando medios, precarizando o traballo dos profesionais da extinción e privilexiando unhas zonas sobre as outras.*

*Facémonos eco do que os propios profesionais do sector levan moito tempo denunciando e aseveramos que a provincia de Ourense padece un agravio comparativo por parte da Xunta de Galicia con respecto a outras zonas. Sexa no aspecto económico (Orzamentos, asignacións, pago a provedores) ou na propia xestión do servizo e envío de dotacións e de medios materiais e persoais.*

*Namentres na provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, os servizos de extinción de lumes están centralizados e se fai unha xestión unificada, incluída a reparación de medios materiais, coma os vehículos, dende dentro da propia Administración; en Ourense sempre se recorreu á externalización dese tipo de servizos para favorecer o clientelismo inherente a esta nosa provincia. Para este tipo de partida, en Ourense non se destina capítulo de gasto algún por parte da Xunta de Galicia e ésta é unha situación herdada dende o tempos dos gobernos de Manuel Fraga.*

*Así mesmo, en Ourense, pese a ter a maior superficie de monte veciñal e de mancomún de Galicia así coma sufrir unha despoboación e dispersión poboacional só comparables á provincia de Lugo, xamais se trataron estas particularidades especificamente. Trátase dun reparto discriminatorio que non ten en conta as características de cada zona a atender. Estamos convencidos que o único xeito de atallar esta discriminación e agravio, é dende o posicionamento da provincia de Ourense en igualdade de condicións mediante políticas específicas. As peculiaridades do noso territorio non son atendidas e non se teñen en conta, por exemplo, que ó ter que percorrer máis quilómetros os EPI's (Equipo de Protección Individual) e outros medios materiais, teñen un uso máis limitado e gástanse moito antes, sen que isto afecte ó reparto dos mesmos. Ademais, de media, os traballadores da extinción en Ourense, fan de 8 a 12 h. de traballo diario, precisamente polas particularidades sinaladas.*

*Do mesmo xeito, dende a Secretaria Xeral da Consellería do Medio Rural, só se fai fincapé na xestión dos montes veciñais conveniados e deixa de atender outro tipo de casos, coma son os particulares e o entorno dos mesmos (precisamente nos arredores de Ourense son todos deste último tipo e deixouse de xestionar a limpeza de camiños, colocación de depósitos, ...) creando un problema grave na extinción. Ó que nos enfrontamos é a unha gran masa forestal sen atención específica nin aproveitamento, debido ás particularidades*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

*poboacionais da nosa provincia. Se ollamos os casos ós que nos enfrontamos este pasado verán, veremos que na meirande parte dos casos, eran montes sen atender.*

*Por outra banda, parceláronse de tal xeito os traballos de extinción que converteron a xestión da mesma nun minifundismo administrativo de consecuencias moi graves. A modo de exemplo, na nosa provincia, en marzo de 2015 só estaba dispoñible a extinción mediante medios aéreos e en xuño non estaban dispoñibles os helicópteros, agás no caso de Toén. Todos estes medios vanse contratando case sobre a marcha, externalizando moitos dos servizos e fraccionando a extinción. Non se fai un labor preventivo e deixase en mans dos concellos a formación de brigadas locais que comezan a traballar xa no período de máxima alerta por lumes, sen tempo para a súa preparación. Isto, no mellor dos casos, porque no caso do Concello de Ourense, comezaron a traballar o 1 de setembro. Cando chegan ós lumes, o director de extinción (xeralmente un axente forestal), non pode facer máis que por ó persoal a extinguir, sen un traballo previo de preparación axeitado.*

*No tocante ós cadros de persoal, precisamente no caso dos axentes forestais, hai unha máis que evidente descompensación que favorece á costa galega, que conta con máis cadros que a provincia de Ourense. Tamén nos enfrontamos, neste eido, a un feito diferencial; namentres que no caso de Pontevedra, por exemplo, existe a figura do axente forestal BIIF (brigada de investigación de incendio forestal) adicado especificamente a investigar as causas dun incendio; en Ourense, os poucos que hai teñen que dedicarse a dirixir a extinción pola evidente falta de medios. Sen que exista este labor de investigación non pode haber unha previsión de futuro que nos axude a previr os lumes que están a devastar a nosa provincia.*

*Polo anteriormente exposto propoñemos a seguinte,*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

- 1. Esixir á Consellería de Medio Rural e á Xunta de Galicia que activen unha política de prevención e extinción de incendios forestais que contemple as particularidades da provincia de Ourense dende a súa planificación ata a súa posta en marcha.***
- 2. Instar á Xunta de Galicia e, especificamente, á Consellería de Medio Rural a que poña en marcha a xestión integrada de forma pública do servizo de prevención e extinción de lumes forestais na provincia de Ourense.***
- 3. Esixir á Xunta de Galicia a que desenvolva unha política de valoración da masa forestal existente na provincia de Ourense mediante políticas activas de emprego forestal e que dote orzamentariamente este desenvolvemento.***

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Esixir á Consellería de Medio Rural e á Xunta de Galicia que activen unha política de prevención e extinción de incendios forestais que contemple as particularidades da provincia de Ourense dende a súa planificación ata a súa posta en marcha.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

2º.- Instar á Xunta de Galicia e, especificamente, á Consellería de Medio Rural a que poña en marcha a xestión integrada de forma pública do servizo de prevención e extinción de lumes forestais na provincia de Ourense.

3º.- Esixir á Xunta de Galicia a que desenvolva unha política de valoración da masa forestal existente na provincia de Ourense mediante políticas activas de emprego forestal e que dote orzamentariamente este desenvolvemento.

### **10º.- ADHESIÓN Á MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS**

O Sr. secretario manifesta que en relación con este asunto non existe ditame nin proposta de ningún dos grupos, senón que na quenda de rogos e preguntas dunha comisión informativa por parte da deputada do Grupo Socialista dona Susana Rodríguez Rodríguez se propuxo que na Xunta de Portavoces se tratase que de forma conxunta e con carácter institucional o Pleno acordase a súa adhesión á marcha estatal contra as violencias machistas. Na Xunta de Portavoces acordouse, coa abstención de Democracia Ourensana, que o Pleno adoptase un acordo en tal sentido.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Manifestar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á Marcha Estatal Contra as Violencias Machistas, promovida polo movemento feminista, que terá lugar o día 7 de novembro de 2015 en Madrid.

### **11º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

O Sr. presidente manifesta, en canto á moción de Democracia Ourensana que correspondería tratar neste punto e que se tratou despois do punto primeiro da orde do día, que xa foi rexeitada a súa urxencia naquel momento, co que non procede o seu tratamento.

Seguidamente e trala declaración previa da urxencia, por unanimidade dos presentes na sesión, tratáronse as seguintes mocións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

**11ª.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN DE EMERXENCIA QUE SE ESTÁ A VIVIR NOS CAMPAMENTOS SAHARAUÍS.-**

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou a seguinte moción:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O 17 de outubro comezou a chover de xeito incesante nos campamentos Saharauís, xunto con fortes rachas de vento. Ao non cesar a choiva durante os días seguintes, producíronse inundacións. A inestabilidade do chan, de area, e a precariedade das edificacións, especialmente das vivendas familiares (tendas (jaimas) ou construcións de adobe) causaron o derrube de numerosas casas e danos estruturais en moitas outras, que ameazan con caerse. Moitos outros edificios públicos resultaron igualmente afectados, entre eles centros de atención sanitaria e almacéns de alimentos, coa imposibilidade de atender as necesidades da poboación. Doutra banda, o fornezo eléctrico quedou interrompido. Así mesmo, o transporte faise moi difícil, ou quedou totalmente interrompido nalgunhas partes, debido ao lodo formado nas rúas que impide a circulación dos vehículos.*

*Ademais da imposibilidade de acceso a servizos básicos, co derrube da súa vivenda moitas familias perderon os alimentos e demais produtos de primeira necesidade que tiñan almacenados. Esta perda vén agravando a escaseza alimentaria que xa estaban sufrindo estes últimos meses. Así mesmo, hai un alto risco de que en breve prazo prodúzanse enfermidades polas deficientes condicións hixiénicas.*

*Un comunicado emitido polas autoridades saharauís con data 19 de outubro informa do seguinte:*

*“A Comisión de crise creada polo goberno saharauí con motivo das choivas torrenciais e dirixida polo ministro do interior, tras visitar catro das cinco wilayas puido constatar a destrución total ou parcial de 711 vivendas de adobe e 639 jaimas ou tendas de campaña. Tamén se rexistraron perdas de mobles, utensilios caseros e produtos alimenticios da maioría das familias damnificadas”.*

*Dajla, a wilaya que se atopa máis afastada do resto, resultou ser a máis afectada.*

*Nunha visita ao campamento realizada por axencias de NNUU, organismos internacionais e as autoridades saharauís o 19 de outubro, constatouse a destrución total ou parcial de todas as vivendas de adobe e a perda de enseres domésticos e dos alimentos que as familias tiñan gardados. Aínda que non se reportaron vítimas mortais, unha persoa resultou ferida pola caída do tellado.*

*Moitas familias perderon as súas casas e atópanse á intemperie ou ben deberon agruparse para ter refuxio. Atopáronse casos de 20 persoas ou máis durmindo nunha soa tenda, xa que moitas das tendas tamén foron danadas e atópanse inservibles.*

*No que respecta á provisión de servizos, a avaliación constata que se interrompeu o fornezo eléctrico o que impide, entre outras cousas, o funcionamento da rede de auga ou a elaboración de pan, moi demandado pola poboación.*

*O transporte tamén se viu afectado e hai dificultades para a circulación dos camións que abastecen de auga á poboación. Os puntos de distribución de alimentos inundáronse e isto impedirá a distribución nos próximos días. O stock de moitos comercios tamén foi danado, parcial ou totalmente. A atención sanitaria é*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

*deficiente xa que o hospital sufriu danos e corre risco de derrube, polo que non está operativo. Doutra banda, a maior parte das latrinas están colapsadas e o seu uso non é seguro.*

*Por todo o anterior SOLICITAMOS do Pleno da Deputación a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*1.- Aprobar unha axuda de emerxencia para a provisión de tendas, mantas e enseres básicos destinados á poboación saharauí refuxiada nos campamentos que se atopa á intemperie, que se canalizará a través da Media Lúa Vermella Saharauí N° Conta (A Banca) ES51 2080 5409 11 3040113236. A Media Lúa Vermella Saharauí, organismo que fixo o chamamento internacional e que ten presenza continua nos campamentos, será a responsable da xestión dos fondos e a adquisición e distribución das tendas atendendo a criterios de necesidade de atención e urxencia. A poboación beneficiaria serán unidades familiares que perderon as súas casas por causa das inundacións”.*

A continuación, o Sr. presidente cédelle a palabra a quen queira intervir neste punto, xa que o grupo autor da moción (BNG) non se encontra presente.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 11A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro A](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar unha axuda de emerxencia para a provisión de tendas, mantas e enseres básicos destinados á poboación saharauí refuxiada nos campamentos que se atopa á intemperie, que se canalizará a través da Media Lúa Vermella Saharauí n.º conta (A Banca) ES51 2080 5409 11 3040113236. A Media Lúa Vermella Saharauí, organismo que fixo o chamamento internacional e que ten presenza continua nos campamentos, será a responsable da xestión dos fondos e a adquisición e distribución das tendas atendendo a criterios de necesidade de atención e urxencia. A poboación beneficiaria serán unidades familiares que perderon as súas casas por causa das inundacións.

**11ºB.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2015, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 92/POS/2015 DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia. Debido a un erro no tratamento deste asunto, esta intervención e a conseguinte votación se recollen na vídeo acta da sesión a partir do minuto 00:51:26, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro B](#)

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular presentes na sesión (14), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2015 no relativo ó concello de Viana do Bolo, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 92/POS/2015 denominada “Construción do sistema de depuración na Rúa Nicolás Tenorio e piscina municipal do Concello de Viana do Bolo”- a obra denominada “Acondicionamento da rede viaria municipal e de saneamento municipal en Viana do Bolo” cun orzamento total de execución de 50.000,00 €.

**12º.- DACIÓN DE CONTA DO CESAMENTO DE DON CÉSAR FERNÁNDEZ GIL E DO NOMEAMENTO DE DON AURELIO GÓMEZ VILLAR COMO ASESOR DE POLÍTICA CULTURAL DA PRESIDENCIA.-**

Dáse conta do seguinte:

*“O artigo 104bis, apartado sexto da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o presidente da entidade local debe informar ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto no dito artigo, no que se fixa o número máximo de postos de traballo que poidan cubrirse con persoal eventual na Deputación Provincial.*

*Neste sentido, infórmase que no último trimestre non houbo ningunha variación en canto ao número de postos reservados a persoal eventual, que segue sendo o establecido no acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial do 23 de xullo de 2015, co que se dá cumprimento ao artigo 104bis citado.*

*A única modificación consistiu no cesamento, con efectos do 13 de outubro de 2015, de don César Fernández Gil e o nomeamento, na súa substitución, de don Aurelio Gómez Villar, mediante resolución de data 14 de outubro de 2015 e con efectos desa mesma data”.*

O Pleno queda informado.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

**13º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA PRESIDENCIA DO 6 DE OUTUBRO DE 2015, DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DE COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

Dáse conta do seguinte decreto:

*“Con data 16 de setembro de 2015 as comisións informativas de Transparencia e Administración Provincial e Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, acordaron por unanimidade propoñerlle á Presidencia da Deputación a delegación da presidencia das ditas comisións.*

*Con data 17 de setembro de 2015, as comisións informativas de Igualdade, Benestar e Emprego; Termalismo, Turismo e Medio Ambiente e Cultura, Deportes e Mocidade, tamén acordaron por unanimidade propoñerlle á Presidencia da Deputación a delegación da presidencia das ditas comisións.*

*Tendo en conta o disposto no artigo 125.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), **DISPOÑO:***

*1º.- Delegar a Presidencia das comisións informativas que se indican nos deputados que se sinalan, con efectos do día da data.*

- **Transparencia e Administración Provincial:** don Jorge Pumar Tesouro.
- **Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural:** don Pablo Pérez Pérez.
- **Igualdade, Benestar e Emprego:** dona M.ª Teresa Cerdeira Valiñas.
- **Termalismo, Turismo e Medio Ambiente:** dona Ana María Villarino Pardo.
- **Cultura, Deportes e Mocidade:** don Manuel Doval Soto.

*2º.- Ordenar a publicación desta resolución no BOP en cumprimento do previsto no artigo 44.2 do ROF”.*

O Pleno queda informado.

**14º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓN DE DECRETOS:**

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de setembro de 2015 e 1º adicional de agosto de 2015.
- Vicepresidencia: 1º adicional maio 2015 e 1º adicional xullo 2015.
- Deputado delegado de Facenda: mes de setembro de 2015 e 1º adicional de xullo e 1º adicional de agosto de 2015.
- Deputado delegado de Administración Provincial: do 20 ao 31 de xullo de 2015 e mes de setembro de 2015.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: do 20

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de outubro de 2015</b>
---

ao 31 de xullo de 2015, mes de setembro de 2015 e 1º adicional de agosto de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación das resolucións mencionadas.

**15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

O **Sr. presidente** anuncia que don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, presentou o seguinte escrito para que se responda oralmente no Pleno: *Respecto das gravacións que aparecen estes días nun medio de comunicación estatal e nas que supostamente o presidente mantén unha conversa con outra persoa ao respecto dun posto de traballo na Deputación Provincial de Ourense, quere que aclare o seguinte ¿Recoñece vostede a súa voz? ¿Esas conversas foron reais e non están manipuladas? ¿Cando vostede fala, supostamente, de que pode cambiar as notas nos procesos selectivos é un feito real ou trátase dun acto de fanfarronería para conseguir algo a cambio?*

O Sr. presidente responde que estas preguntas se cinguen estritamente ao ámbito persoal e que é outra instancia a que debe coñecer destes asuntos e nunca esta cámara de representación política.

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo quinto](#)

E, ás 10.55 horas do día vinte e nove de outubro do ano dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**